

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 593/2009, DO 25 DE SETEMBRO.**

Mediante Resolución da Alcaldía nº 565/2009 do 15 de setembro noméase a D. Alejo Regueira Martínez con DNI nº 52.435.506-Z xunto con 11 persoas máis como peóns da brigada de pronto auxilio, iniciando a súa relación laboral e sinatura do contrato co Concello de Cabana de Bergantiños o día 17 de setembro.

Visto o escrito que presenta D. Alejo Regueira Martínez con DNI nº 52.435.506-Z o día 25 de setembro de 2009 (R/E nº 3151) renunciando ó seu posto de traballo como peón da brigada de pronto auxilio por motivos persoais.

Consonte co preceptuado na base novena da convocatoria para a contratación laboral de 12 peóns da brigada de pronto auxilio do concello (programa de cooperación 2009) aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 504/2009 do 17 de agosto e no apartado segundo da resolución de nomeamento (Resolución da Alcaldía nº 565/2009 do 15 de setembro),  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia presentada por D. Alejo Regueira Martínez con DNI nº 52.435.506-Z ao seu posto como peón de brigada de pronto auxilio, dando de baixa o contrato laboral que tiña formalizado co concello dende o 17 de setembro, con efectos de 25 de setembro de 2009, por renuncia voluntaria.

**SEGUNDO.-** Conceder a D. Adán Mourín Suárez con DNI nº 53.304.094-F, como primeiro aspirante na lista de reserva para cubrir a vacante, un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para que achegue toda a documentación esixida nas bases de selección.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa páxina web.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ó interesado e á Tesourería Xeral da Seguridade Social ós efectos oportunos.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vintecinco de setembro de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.